



Criterios de corrección, valoración é superación do exercicio da proba de oposición do proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, na agrupación profesional de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de recursos naturais e forestais.

En sesión que tivo lugar o 29 de outubro de 2024, o tribunal nomeado pola Resolución do 26 de setembro de 2024 (DOG núm. 191, do 3 de outubro) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, na agrupación profesional de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de recursos naturais e forestais convocado mediante a Resolución do 16 de novembro de 2023 (DOG núm. 221, do 21 de novembro), modificada pola resolución do 29 de novembro de 2023 (DOG núm. 229, do 1 de decembro), acordou, de conformidade co disposto nas bases II.1.2.10 da convocatoria, establecer os criterios de corrección, valoración e superación do exercicio da fase de oposición do proceso selectivo que a continuación se detallan:

1. Cuestións xerais sobre a proba

A proba da oposición consiste na superación dun único exercicio, que será eliminario e obrigatorio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test e dividirase en dúas partes:

A primeira parte do exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de oitenta (20) preguntas tipo test relacionadas coa parte xeral do anexo que figura na Resolución do 16 de novembro de 2023 (DOG 221, do 21 de novembro).

A segunda parte do exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de oitenta (60) preguntas tipo test relacionadas coa parte específica do anexo que figura na Resolución do 16 de novembro de 2023 (DOG 221, do 21 de novembro).

O exercicio disporá de cinco (5) preguntas de reserva, das cales dúas (2) corresponderán á parte xeral do programa e tres (3) á parte específica, e que substituirán as preguntas anuladas de cada parte pola súa orde.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta.





Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. As preguntas non contestadas non penalizarán nin reciben puntuación. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O tribunal procurará que o número de preguntas garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o programa. Na elaboración das preguntas do presente exercicio respectarase a orde establecida nos parágrafos anteriores.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de cento trinta (130) minutos. Todo isto, sen menoscabo da adopción de medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con adaptacións específicas gocen de similares condicións para realizar os exercicios que os restantes participantes.

O exercicio cualificarase de 0 a 100 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de cincuenta (50) puntos.

2. Determinación da superación da proba e do número de aprobados

En cumprimento da potestade de determinación do criterio de superación do exercicio indicado, o tribunal acordou que superarán o exercicio as persoas aspirantes que acaden, en cada unha das partes, o 50 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Non obstante, de darse o caso de que o número de aspirantes que acaden, en cada una das partes, o 50 % das respostas netas, sexa inferior ao número de prazas convocadas por esta quenda, superarán o exercicio as persoas aspirantes que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 40 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Asignarase unha valoración de 50 puntos no exercicio ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte. O resto das persoas declaradas aptas terán unha cualificación distribuída entre os 50 e 100 puntos proporcional ao número de respostas acertadas. Do mesmo xeito, asignarase a puntuación proporcional que corresponda as persoas aspirantes declaradas non aptas.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela

Bran Casal Pereira

Presidente do Tribunal

